

1.- Curso sobre Análise estatística de datos faltantes

A *Escuela Andaluza de Salud Pública* organiza un curso sobre **Análise estatístico de datos faltantes**, co obxectivo de introducir aos asistentes nos métodos de imputación. O curso, que terá lugar en Granada os días 8, 9, 22 e 23 de novembro de 2012, ten un carácter eminentemente práctico e as prácticas vanse realizar co paquete estatístico R.

Programa do curso:

- - O problema dos datos faltantes
- - Mecanismos de xeración dos datos faltantes
- - Métodos clásicos de imputación
- - Imputación múltiple
- - Outros métodos de imputación de valores faltantes

O prazo de preinscrición remata o 11 de outubro de 2012.

Máis información: <http://www.easp.edu.es/ProgramaDocente/>

2.- Programa de cursos da FCSCCL

O *Centro de Supercomputación de Castilla y León* (FCSCCL) organiza os seguintes cursos de formación para o outono de 2012:

- - Curso de programación paralela con MPI Message Passing Interface
- - Curso de programación paralela con OpenMP
- - Curso de programación de GPUs con OpenAC
- - Curso avanzado de programación de procesadores gráficos e arquitecturas heteroxéneas

Máis información: <http://www.fcsc.es/index.php/es/formacion>

3.- Prazas para doutorandos da UDC en GRADSchools

A UDC, en colaboración coas Universidades de Vigo e Santiago, a Xunta de Galicia e a Fundación Barrié, organiza un programa de **Formación en Competencias** dirixidos a novos investigadores que están a realizar o seu doutoramento nas Unversidades do SUG.

Máis información: <http://www.udc.es/ensino/doutoramento/Anuncios/index.html>

4.- Día da Estatística 2012

O venres 5 de outubro de 2012 terá lugar o **Día da Estatística** organizado polo Departamento de Estatística e Investigación Operativa da *Universitat Politècnica de Catalunya* (UPC).

Máis información: <http://www.socestadistica.org/>

5.- One Day Meeting on Statistics and Applications

O día **26 de outubro de 2012** terá lugar, na Universidade do Minho (Guimarães), a primeira edición dunha serie de workshops en estatística e aplicacións que pretenden promocionar o intercambio de ideas e colaboracións entre investigadores nacionais e internacionais.

Máis información: <http://w3.math.uminho.pt/MSA2012/default.asp>

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida , s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>